

| | | |
|--|----------------------------------|--|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONYI03D | <i>Expediente</i> CON/41/2013 | |

ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministro, mediante renting, de 5 equipos multifunción para a área de Facenda do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 9.852,00 euros/ano euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Servizo de Contratación do Concello de Santiago, 7 de marzo de 2014, ás 8:30 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./D^a Cecilia Sierra Rey
Vocales: D./D^a. Francisco Javier Noya representante do grupo PP.
D./D^a. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./D^a. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D./D^a. Jesús Rodríguez, xefe do servizo municipal de Informática.
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Rocío Montañes Fernández, xefe de Servizo de Contratación e Servizos Comunitarios.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.


Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador NEA F3 IBÉRICA, S.L.U.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de Contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador NEA F3 IBÉRICA, S.L.U. que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe para consumo estimado de 6.900,00 euros/ano IVE aparte e para exceso de copias 270,54 euros/ano IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 8:45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

